

### **CIRCULAR 14/2017**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO DE GALICIA DE PENTATLÓN DE LANZAMENTOS DE VETERÁNS**

**Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra), 12 de febreiro do 2017**

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo a través da su delegación en Pontevedra organiza o **Campionato de Galicia de Pentatlón de Lanzamentos de Veteráns**, que terá lugar en Pontevedra o vindeiro domingo día **12 de febreiro** do 2017.

**Art.2)** Poderán participar todos aqueles atletas veteráns que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art. 3)** O pentatlón de lanzamentos consta das seguintes probas e orden: Martelo, Peso, Disco, Xavelina, e Martelo Pesado. Será obrigatorio ter unha marca acreditada nun mínimo de tres das cinco probas.

- **Co fin de garantir os diferentes artefactos pregamos envíen un mail a [direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com) co artefacto (martelo pesado) que precisa antes do venres día 3 às 20:00**

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 7 de febreiro do 2017..**

**Art.5)** Os atletas deberán retirar o dorsal ata 60 minutos antes do inicio da proba. A entrada à pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso à mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso à pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.7)** Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

**Art.8)** Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

**Art.9)** O horario definitivo publicarase o mércores antes do Campionato en función dos atletas inscritos.

09:30h Martelo  
10:10h Peso  
10:50h Disco  
11:30h Xavalina  
12:10 Martelo Pesado

**Art.10)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direcciontecnica@fgatletismo.com), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.11)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2016/2017), R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 25 de xaneiro de 2017